



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE AS NEVES PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE DOCUMENTACIÓN E POSTA EN VALOR DOS PETRÓGLIFOS DE A COUTADA (AS NEVES, PONTEVEDRA)

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura el Turismo, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co Concello das Neves o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio **a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de As Neves para a realización de traballos de documentación e posta en valor dos petróglifos de A Coutada (As Neves, Pontevedra).**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A través do convenio de colaboración deste ano 2018, preténdese realizar os traballos necesarios para a documentación e posta en valor dos petróglifos da Coutada (As Neves, Pontevedra). A dita actuación consistirá, en concreto, na limpeza, rexistro gráfico e planimétrico e acondicionamento das figuras e do soporte dos referidos petróglifos. Estes traballos serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se levarán a cabo diferentes accións de sinalización e divulgación nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria **10.21.433A.760.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **23.000 €** no ano 2018.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública e por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

